

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE XUÑO DE 2007.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana Maria Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xosé Durán Cao

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vintedous de xuño de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APRECIACIÓN DA URXENCIA DOS ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da xustificación do carácter urxente dos asuntos incluídos na

orde do día da presente sesión, contida no decreto de convocatoria da mesma.

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que por interés xeral, e para non poñer obstáculos ó desenvolvemento da actividade municipal, o seu grupo vai votar a favor da urxencia, pero sinalando que mal empeza o Grupo de Goberno cando de xeito urxente, convoca un Pleno con 16 puntos na orde do día, moitos deles dunha enorme importancia, sen intentar acadar un mínimo consenso e sen tan sequera dar tempo ós grupos da oposición para estudalos.

Polo Sr. Alcalde respóstase que durante toda a semana falou cos portavoces de tódolos grupos alomenos dúas veces, explicándolles o contido dos asuntos incluídos na orde do día e a razón de forza maior que xustificaba a celebración do Pleno na data de hoxe.

Polo Sr. Pernas Rodríguez, sinala que é unha temeridade convocar un pleno, no que se van a tratar asuntos como as dedicacións exclusivas de membros do grupo de goberno, sen consensualo cos grupos da oposición, tendo en conta que o grupo de goberno non dispón de maioría absoluta.

Polo Sr. Durán Cao manifestase que o seu Grupo vai votar en contra da urxencia, xa que non houbo tempo material para estudalos asuntos.

Polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos da súa intervención anterior.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase que por interese xeral, vai votar a favor da urxencia, pero deixando constancia da súa protesta pola falta de tempo para estudala documentación dos asuntos deste Pleno.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, e de D. Jesús Casabella Lage, e co voto en contra de D. Xosé Durán Cao, acorda, ós efectos do disposto no Art. 79 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acorda pronunciarse favorablemente, e estima-la urxencia dos asuntos incluídos na Orde do día da sesión.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR DE 16 DE XUÑO DE 2007.- ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular o borrador da acta plenarias de 16 de xuño de 2007.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 16 de xuño de 2007.

3º) PERIODICIDADE E RÉXIME INTERNO DAS SESIÓNS DO PLENO CORPORATIVO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do disposto no Art. 46.2.a da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPÓNSE:

1.- A fixación da periodicidade bimestral das sesións ordinarias do pleno municipal, celebrándose os segundos luns dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, ás 17 horas da tarde.

2.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.

3.- Os efectos de garanti-la ordenación dos debates, pola Alcaldía Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 94 do R.O.F. e segundo a orde para os debates sinalada no mesmo, establecece:

a) Duración dos turnos de intervencións.-

1º) Que o primeiro turno a que se refire o Art. 94.1.c do R.O.F. sexa dun máximo de 5 minutos por grupo.

2º) Que o turno por alusións do Art. 94.1.d, sexa de 2 minutos.

3º) Que o segundo turno de intervencións, si o solicita algún grupo, sexa dun máximo de 3 minutos, do mesmo xeito que a intervención final ou ratificación do proponente do acordo.

b) Intervención dos grupos.- Os grupos intervirán nos debates a través do seu portavoz, ou dun membro da Corporación, sen que poida excede-lo grupo dos tempos de intervención antecitados, independentemente do número de concelleiros que interveñan por cada grupo.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que conforme ó acordado na reunión de portavoces de tódolos grupos municipais, celebrada o mércores, a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, modifícase do seguinte xeito:

“Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do disposto no Art. 46.2.a da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPÓNSE:

1.- A fixación da periodicidade bimestral das sesións ordinarias do pleno municipal, celebrándose os segundos luns dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, **ás 19 horas da tarde.**

2.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.

3.- Os efectos de garanti-la ordenación dos debates, pola Alcaldía Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 94 do R.O.F. e segundo a orde para os debates sinalada no mesmo, establecece:

a) Duración dos turnos de intervencións.-

1º) Que o primeiro turno a que se refire o Art. 94.1.c do R.O.F. **sexa dun máximo de 10 minutos por grupo.**

2º) Que o turno por alusións do Art. 94.1.d, sexa de 2 minutos.

3º) Que o segundo turno de intervencións, si o solicita algún grupo, sexa dun máximo de 3 minutos, do mesmo xeito que a intervención final ou ratificación do proponente do acordo.

b) Intervención dos grupos.- Os grupos intervirán nos debates a través do seu portavoz, ou dun membro da Corporación, sen que poida exceder-lo grupo dos tempos de intervención antecitados, independentemente do número de concelleiros que interveñan por cada grupo.”

Rematado o debate, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, coas modificacións introducidas na mesma.

4º) CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIONS INFORMATIVAS DE CARÁCTER PERMANENTE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA SOBRE A CREACION E COMPOSICION DE COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES

Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do disposto no Art. 46.2.a da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPÓNSE:

De conformidade co disposto no Art. 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, proponse ó pleno a creación da Comisión Especial de Contas, que a tenor do apdo. 3º do artigo antedito poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda do Concello de Xove.

A Comisión Especial de Contas, informará e emitirá ditame, en todo caso no expediente de aprobación da Conta Xeral do Presuposto Municipal; no expediente de aprobación do presuposto municipal para cada exercicio e nos expedientes de aprobación, modificación ou revocación das ordenanzas fiscais.

Igualmente se dará conta, durante o terceiro trimestre de cada ano, á Comisión Especial de Contas do informe sobre o estado de execución do orzamento municipal ó que se refiren os artigos 207 da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 105 da Instrución de Contabilidade.

A composición da citada Comisión Especial de Contas, cúa presidencia corresponde ó Sr. Alcalde Presidente, será a seguinte:

2 Vocais designados polo Grupo Municipal do Partido Popular

1 Vocal designado polo Grupo Municipal da Agrupación Veciñal de Xove.

1 Vocal designado polo Grupo Municipal do BNG.

1 Vocal designado polo Grupo Municipal do PSdeG PSOE.

Ós efectos de constituí-la citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais, deberán comunicar mediante escrito dirixido ó Secretario Municipal, o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión.”

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

5º) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.

Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Artigo 38 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; propónse o nomeamento das persoas que se sinalarán para os órganos colexiados que se mencionan:

Consello Escolar do Colexio Público de Xove: D^a Dolores Meitin Guerreiro.

Consello Escolar do IES: D^a Dolores Meitin Guerreiro.

Asociación para o desenvolvemento turístico da Mariña Lucense: D^a Dolores Meitin Guerreiro.

Nos restantes órganos colexiados en que poda corresponder a representación da corporación, será ostentada pola Alcaldía, de conformidade co art. 21.1.b da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao, acorda, aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

6º) CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE CREACION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Pola Alcaldía-Presidencia do Concello á vista do disposto no Art. 20 apdo. b da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, no que se establece que a Xunta de Goberno Local existirá nos municipios con poboación de dereito inferior a 5.000 Habitantes, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o aprobe o Pleno do Concello, propónse ó Pleno Municipal:

A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao, acorda, aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

7º) RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDÍA, INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE DESIGNACION POLA ALCALDIA DE TENENTES DE ALCALDE E MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co art. 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, designáanse Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, presidida polo Sr. Alcalde, ós Sres. Concelleiros que seguidamente se relacionan:

D. José Manuel González Alvarez, 1º Tenente de Alcalde.

D. Ana Maria Abad López, 2º Tenente de Alcalde.

D^a Maria Dolores Meitin Guerreiro, 3º Tenente de Alcalde.”

O Concello Pleno dáse por enterado.

8º) DELEGACIÓN DE ATRIBUCIONES DE ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“DELEGACION DE ATRIBUCIONS DA ALCALDIA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 43.2. do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e coa excepción das atribucións a que se refiren os art. 21.3 e 71 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, procédese a efectuar-la delegación que se formalizará mediante decreto do mesmo día de celebración do pleno municipal; deléganse na Xunta de Goberno Local as atribucións seguintes:

A) As dos apartados K) L) LL) e M) , así como o de disposición de gastos do apartado F), todos eles do Art. 21.1 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril .

As sinaladas no art. 24. apartados c) y e) do Real Decreto Legislativo 781/1986 do Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

Con carácter xenérico as restantes competencias delegables da Alcaldía.

A Delegación de atribucións referida efectúase reservándose a Alcaldía a posibilidade expresa de avocación de calquera das atribucións delegadas por razóns de urxencia, dando conta neste caso á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo no seu caso da publicación que proceda.

En calquera caso, quedan fora da presente delegación, aquelas competencias da Alcaldía expresamente reflectidas nas bases de execución do presuposto municipal.

Sen prexuízo de todo isto, os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións ditadas pola Alcaldía, en exercicio das atribucións que non delegara.”

O Concello Pleno dáse por enterado.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE TESOUREIRO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE TESOUREIRO MUNICIPAL.

De conformidade co disposto no art 2.b do R.D. 1732/1994 de 29 de xullo; pola Alcaldía-Presidencia proponse a designación como tesoureiro municipal de D. Manuel Peteira González; funcionario municipal adscrito ó servizo de Intervención-Tesourería.

Deberá procederse á constitución de fianza mediante aval bancario, por importe do 1% dos ingresos ordinarios previstos no orzamento municipal; polo mesmo, de conformidade co esixido co apdo. 2º do Art. 164 do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, asumindo esta corporación os gastos derivados da constitución da antedita fianza.

En compensación pola maior dedicación, responsabilidade e dificultade técnica que supón o nomeamento, acordase un incremento de 5.000 € anuais do complemento específico das retribucións percibidas polo citado funcionario municipal; dito incremento terá efectos dende a data do 18 de xuño de 2007, na que de xeito efectivo, dito funcionario asumiu as funcións de Tesoureiro Municipal.

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao, acorda, aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

10º) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Por parte da Alcaldía-Presidencia a tenor do disposto no art. 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (Real Decreto 2.568/86 de 28 de novembro) propónse ó Pleno Municipal:

1º A delegación da totalidade das atribucións delegables do Pleno na Xunta de Goberno Local, a excepción das enumeradas como indelegables segundo o art 22.4 y 23.2.b da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, na súa vixente redacción.

Tamén quedarían fora da delegación, as competencias reflectidas no Art. 22.2.m) da Lei 7/1985 de 2 de abril (a concertación de operacións de crédito) e 22.2.j) o exercicio de accións xudiciais....

2º A Delegación referida efectúase nos termos do réxime xeral establecido no regulamento antedito, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros.”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a proposta que presenta o Sr. Alcalde, ademais de ser totalmente contraditoria coa oferta de consenso que plantexou na primeira sesión desta Corporación, é un desatino, xa que non se entende como un grupo que non ten maioría absoluta, intenta baleirar de contido as funcións e competencias do Pleno Municipal.

Polo Sr. Alcalde respóstase que a súa proposta non pretende en absoluto baleirar de contido as funcións do Pleno, quen conserva as competencias mais importantes e decisivas para a administración municipal, senón que o obxectivo da súa proposta é intentar axiliza-la xestión dos asuntos municipais de carácter meramente administrativo.

Polo Sr. Durán Cao manifestase que o seu o grupo vai votar en contra deste intento descarado de baleirar de competencias ó pleno corporativo.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de votar en contra dunha proposta que na súa opinión deixaría practicamente en nada, o labor dos grupos da oposición.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José M. Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro, e co voto en contra dos Sres. D. Modesto Ben Fernández, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, D. Jesús Casabella Lage, e D. Xosé Durán Cao, acorda, rexeita-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INDEMNIZACIÓNS POR CONCORRENCIA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS E RÉXIME E CONTÍA DE DIETAS E GASTOS DE KILOMETRAXE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“ACORDO SOBRE INDEMNIZACIONES POR CONCORRENCIA A SESIONS E REUNIONS DE ORGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS EN REXIME DE DIETAS E KILOMETRAXES.

Proposta da Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no art. 13. 6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, ó pleno municipal, relativa ás indemnizacións pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados de que formen parte, nas contías que para cada un deles se sinalan:

a) Asistencias por concurrencia a sesións:

Sesións de Comisións informativas e de Xunta de Goberno Local : 70 €por sesión.

Sesións de Pleno Municipal: 90 €por sesión.

b) Dietas e kilometraxe: Serán de aplicación as reflectidas nas vixentes Bases de Execución do Presuposto Municipal que se corresponden coas do Grupo 1, reflectidas no R.D. 462/2002 de 24 de maio.

Igualmente será de aplicación no que se refire á xustificación dos gastos efectivamente realizados, o previsto nas citadas bases de execución presupostaria.”

Polo Sr. Alcalde explícase que respecto do anterior acordo plenario sobre dietas e gastos por kilometraxe, a presente proposta, ademais de axustarse ó disposto no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio; supón unha rebaixa considerable na contía das mesma, e doutra banda, evita os problemas tributarios que supoñía cobrar dietas cun importe superior ó previsto no citado R.D. como pasaba na lexislatura anterior.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta anteriormente transcrita.

12º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DO ALCALDE- PRESIDENTE, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á ALCALDIA.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, proponse ó Pleno Municipal que o desempeño do cargo da Alcaldía, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, cunhas retribucións anuais de 14 pagas de 4.550 € brutos (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

A cantidade citada, incrementarase para exercicios sucesivos, do mesmo xeito que para o persoal integrado no cadro de persoal do Concello de Xove, segundo o establezan as respectivas Leis de presupostos xerais do Estado, e demais normativas de aplicación.”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo está de acordo co feito de que o Alcalde de Xove teña dedicación exclusiva, pero considera que o tema da contía das súas retribucións, debería ser explicado e consensuado polo Sr. Alcalde, co resto dos grupos municipais, xa que na proposta que se presenta, reflicte unhas retribucións que en principio parecen excesivas, tendo en conta que na orde do día deste pleno, vanse tratar outras dúas propostas para aproba-la dedicación exclusiva e a dedicación parcial de outros dous membros do Grupo de Goberno.

Polo Sr. Durán Cao manifestase que non tivo tempo de analizar tan sequera esta proposta da Alcaldía, engadindo que en principio, o seu grupo está en contra das dedicacións exclusivas e do cobro de retribucións, con cargo ó erario público.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que esta proposta do Alcalde, unida ás retribucións que se propoñen para outros dous membros da Corporación, supoñen mais do mesmo, xa que en definitiva, o Grupo de Goberno actual vai custar ós veciños de Xove os mesmos cartos que lle custaba ó Grupo de Goberno Anterior; engade o Sr. Ben Fernández, que en calquera caso, estas propostas deberían de vir mellor estudadas e consensuadas, para evitar debates eternos.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o tema da súa dedicación exclusiva e das súas retribucións, xa se comunicou ós portavoces de tódolos grupos da Corporación, o mércores pasado, polo que considera que non existe precipitación na presentación desta e das outras propostas similares, contidas na orde do día desta sesión, engadido no obstante, que tal e como sinala o Sr. Ben Fernández; para un mellor estudo deste asunto, propón deixar o mesmo sobre a mesa.

O Concello Pleno, a proposta da Alcaldía, por unanimidade dos seus membros, e o abeiro do disposto no Art. 92.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro; acorda deixar sobre a mesa o asunto, aprazando a súa discusión, debate e votación para a seguinte sesión plenaria.

13º) DELEGACIÓN DE ALCALDÍA EN DIVERSAS ÁREAS DE SERVICIOS E XESTIÓNS MUNICIPAIS. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN EN DIVERSAS ÁREAS DE XESTIÓN E SERVICIOS.

Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais.

Delegado de persoal, comercio e industria, compras e infraestruturas: o Concelleiro e primeiro tenente de Alcalde, D. José Manuel González Álvarez.

Delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade, a Concelleira e Segundo Tenente de Alcalde, D^a Ana Abad López.

Delegada de Agricultura, Gandería e Montes, Cultura, Educación e Turismo: A concelleira e Terceira Tenente de Alcalde, D^a Maria Dolores Meitin Guerreiro.

Delegado de Deportes, Medio Ambiente, e Recursos Naturais, o concelleiro D. José Manuel Balseiro Canoura.

As citadas delegacións, abranguen tanto á facultade de dirección como de xestión das áreas e servizos correspondentes, sen facultades de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros.”

O Pleno Municipal, dáse por enterado.

14º) CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, CON DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta á Corporación, dos escritos presentados por tódolos grupos políticos con representación na Corporación municipal que a seguir se transcriben literalmente:

- Escrito presentado polo Sr. Durán Cao no que ós efectos do disposto no Art. 24 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, comunica a constitución do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), integrado por un único membro, D. Xosé Durán Cao, quen actuará como voceiro do mesmo.
- Escrito presentado polo Sr. Ben Fernández no que ós efectos do disposto no Art. 24 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, comunica a constitución do Grupo Municipal do PSdeG-Psoe, integrado por un único membro, D. Modesto Ben Fernández, quen actuará como voceiro do mesmo.
- Escrito presentado polo Sr. Pernas Rodríguez no que ós efectos do disposto no Art. 24 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, comunica a constitución do Grupo Municipal da Agrupación Veciñal de Xove (AVEXO), integrado polos seguintes membros: D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, e D. Jesús Casabella Lage; actuando como voceiro titular do mesmo, D. Jaime Pernas Rodríguez, e como voceiro suplente, D. Secundino Vázquez Fra.
- Escrito presentado polo Sr. Salgueiro Rapa no que ós efectos do disposto no Art. 24 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, comunica a constitución do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), integrado polos seguintes membros: D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Manuel González Álvarez, D^a Ana Maria Abad López, D. José Manuel Balseiro Canoura, e D^a Maria Dolores Meitin Guerreiro, actuando como

voceiro titular do mesmo, D. José Manuel González Álvarez, e como voceiro suplente, D^a Ana Maria Abad López.
O Concello Pleno dáse por enterado.

15) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACION ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDOS EN MATERIA DE DOTACIÓN ECONOMICA PARA GRUPOS POLITICOS DA CORPORACIÓN E DE INDEMNIZACIÓNS A CONCELEIROS.

Pola Alcaldía-Presidencia propónse ó Pleno Municipal a adopción de acordo polo que:

a) Fixase unha dotación económica para Grupos Políticos da Corporación segundo o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril co seguinte desglose:

1.-Compoñente fixo para cada grupo político: 400 Euros anuais.

2.-Compoñente variable: 220 Euros ó mes por cada Concelleiro, é dicir, 2.640 Euros ó ano por cada concelleiro integrado no Grupo.

Tódolos Grupos Municipais deberán solicitar a obter da Axencia Tributaria, o correspondente CIF.”

Aberto o debate; polo Sr. Alcalde e os veceiros de tódolos grupos municipais, reitéranse os argumentos plantexados no debate do punto nº 12 da orde do día.

O Concello Pleno, a proposta da Alcaldía, por unanimidade dos seus membros, e o abeiro do disposto no Art. 92.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro; acorda deixar sobre a mesa o asunto, aprazando a súa discusión, debate e votación para a seguinte sesión plenaria.

16º) CREACIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE OUTROS ACORDOS DE AUTOORGANIZACION MUNICIPAL.-
CREACION DA COMISION DE PORTAVOCES E FIXACIÓN DE INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIA AS SUAS REUNIÓN S.

Pola Alcaldía, á vista da existencia xa no anterior mandato deste órgano complementario municipal, e manifestándose o criterio de mantelo nas mesmas condicións , propónse :

1º) A creación como órgano complementario municipal de carácter informativo da Comisión de Portavoces dos Grupos Municipais que integran a Corporación, constituída polos portavoces respectivos dos mesmos.

2º) A fixación da cantidade de 30 Euros en concepto de indemnización pola asistencia efectiva ás reunións que dita comisión celebre.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que conforme ó acordado na reunión de portavoces de tódolos grupos municipais, celebrada o mércores, a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, modifícase do seguinte xeito:

“PROPOSTA DE OUTROS ACORDOS DE AUTOORGANIZACION MUNICIPAL.-
CREACION DA COMISION DE PORTAVOCES E FIXACIÓN DE INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIA AS SUAS REUNIÓN S.

Pola Alcaldía, á vista da existencia xa no anterior mandato deste órgano complementario municipal, e manifestándose o criterio de mantelo nas mesmas condicións , propónse :

1º) A creación como órgano complementario municipal de carácter informativo da Comisión de Portavoces dos Grupos Municipais que integran a Corporación, constituída polos portavoces respectivos dos mesmos.

2º) A fixación da cantidade de **70 Euros** en concepto de indemnización pola asistencia efectiva ás reunións que dita comisión celebre.”

Rematado o debate, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, coas modificacións introducidas na mesma.

17º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE TERCER TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE AGRICULTURA, GANDEIRIA E MONTES, CULTURA, EDUCACION E TURISMO POR Dª MARIA DOLORES MEITIN GUERREIRO E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO DE DEDICACION EXCLUSIVA A TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE Dª MARIA DOLORES MEITIN GUERREIRO.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

1º) Que o exercicio por parte da Concelleira e Terceiro Tenente de Alcaldía e Delegada de Agricultura, Gandería e Montes, Cultura, Educación e Turismo Dª Maria Dolores Meitin Guerreiro, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 1.935,00€ (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.

3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”

Aberto o debate; polo Sr. Alcalde e os voceiros de tódolos grupos municipais, reitéranse os argumentos plantexados no debate do punto nº 12 da orde do día.

O Concello Pleno, a proposta da Alcaldía, por unanimidade dos seus membros, e o abeiro do disposto no Art. 92.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro; acorda deixar sobre a mesa o asunto, aprazando a súa discusión, debate e votación para a seguinte sesión plenaria.

18º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE, XUVENTUDE, MULLER E POLITICAS DE IGUALDADE, POR Dª ANA ABAD LOPEZ, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE RECOÑECIMIENTO DE DEDICACION PARCIAL A SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE Dª ANA MARIA ABAD LOPEZ.

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

1º) Que o exercicio por parte da Concelleira e Segunda Tenente de Alcaldía e Delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade, Dª Ana Abad López se desempeñe en réxime de dedicación parcial (15 horas semanais) , por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 1.000,00€ (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.

3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”

Aberto o debate; polo Sr. Alcalde e os voceiros de tódolos grupos municipais, reitéranse os argumentos plantexados no debate do punto nº 12 da orde do día.

O Concello Pleno, a proposta da Alcaldía, por unanimidade dos seus membros, e o abeiro do disposto no Art. 92.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro; acorda deixar sobre a mesa o asunto, aprazando a súa discusión, debate e votación para a seguinte sesión plenaria.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo